

Considerando que ambas entidades contan coa estrutura, persoal e experiencia precisas para o fomento e dinamización das prácticas deportivas propias da súas respectivas modalidades, ciclismo e triatlón, formalízase este *convenio de colaboración*, para que, mediante as sinerxías dos recursos de ambas entidades, se melloren os servizos ofrecidos os seus socios e se continúe coa promoción da práctica activa do deporte nestas dúas disciplinas nas categorías de base.

## CLÁUSULAS

### PRIMEIRA.-

1.- O CLUB CICLISTA CAMBRE será o encargado da tramitación das licencias federativas de ciclismo, ante a Federación Autonómica correspondente, de todos os socios do club AD. FOGAR que así o desexen e comuniquen debidamente.

AD.FOGAR será o encargado da tramitación das licencias federativas de triatlón, ante a Federación Autonómica correspondente, de todos os socios das categorías de base do CLUB CICLISTA CAMBRE que así o desexen e o comuniquen debidamente.

En ámbolos dous casos, os gastos derivados de dita tramitación serán asumidos polos propios socios que demanden a licenza, sen prexuízo das condicións establecidas ó respecto polo club o que pertencen en orixe.

O feito de tramitar a licenza e efectuar o pago da taxa federativa correspondente non implicará, en ningún caso, adquirir a condición de socio de número do outro club, polo que os deportistas non poderán acollerse ós dereitos establecido a tal efecto nos estatutos e demais regulación interna de cada un dos clubs.

2.- Os clubs poderán realizar actividades e eventos, relacionados coa disciplina deportiva propia do seu obxecto social, abertas á participación dos socios do outro club, co fin de fomentar a práctica do deporte e beneficiar os socios de ámbalas dúas entidades.

As condicións de participación en cada unha das actividades ou eventos comunicaranse ós socios de cada un dos clubs, a través das respectivas páxinas web e redes sociais, con antelación suficiente para facilitar as inscricións en caso de que fosen precisas.

3.- Os clubs poderán organizar actividades e eventos de forma conxunta en beneficio de todos os seus asociados e das propias entidades. Para cada unha delas estableceranse as condicións de colaboración, detallando os servizos e medios que correspondan a cada club, creando, se é preciso, un grupo de traballo con membros e colaboradores de ambas entidades.

Do mesmo xeito que no apartado anterior, as condicións de participación en cada unha destas actividades ou eventos, comunicaranse ós socios de cada un dos clubs, a través das respectivas páxinas web e redes sociais, con antelación suficiente para facilitar as inscricións en caso de que fosen precisas.

4.- Os socios dos dous clubs que tramiten as licenzas correspondentes ás dúas disciplinas, ciclismo e triatlón, poderán beneficiarse dos descontos establecidos polos

patrocinadores ou colaboradores de cada un deles, previa acreditación mediante as licenzas correspondentes.

#### **SEGUNDA.-**

Os dous clubs autorízanse mutuamente para a utilización e difusión, previa notificación á outra parte, dos logotipos ou imaxes corporativas en diferentes soportes, se así o consideran oportuno, para publicitar calquera actividade de organización individual ou conxunta, facendo sempre un uso responsable das mesmas, sen incorrer en prexuízo para ningunha das partes.

Asemesmo, autorízase a captación de imaxes dos deportistas de cada club, unicamente con fins de difusión das actividades organizadas, sempre e cando non haxa negativa por parte destes.

#### **TERCEIRA.-**

O presente convenio de colaboración suscríbese con un período de vixencia dun ano, que se corresponde con 2018, prorrogable automaticamente á finalización do mesmo e por períodos equivalentes, se non hai manifestación expresa en contra por algunha das partes con antelación mínima dun mes.

#### **CUARTA.-**

Ambas partes mostran neste momento a súa conformidade con contido das cláusulas expostas neste convenio, comprometéndose ó cumprimento nas obrigas derivadas do mesmo durante a súa vixencia, se prexuízo de que ditas cláusulas poidan ser modificadas de común acordo se se considera preciso.